BIBLIOTECA DO PROFESORADO

# Titoría

2 ESO

PROXECTO SABER FACER

SANTILLANA OBRADOIRO

# ÍNDICE

**Presentación** . . . . . . . . . . . . . . . . 4

## SESIÓNS DE TITORÍAS

1. Seguimos coñecéndonos . . . . . . . . . . 6
2. Presentación de 2.º de ESO e da titoría . . . . . . . . 8
3. Presentación e obxectivos do grupo . . . . . . . . 10
4. Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia . . . . . . 12
5. Elección de delegado e doutros cargos . . . . . . . . 14
6. Concentración e motivación . . . . . . . . 16
7. Sono reparador . . . . . . . . 18
8. A presión de grupo . . . . . . . . 20
9. O caderno da clase . . . . . . . . 22
10. Cambios físicos e psicolóxicos . . . . . . . . 24
11. O alcohol . . . . . . . . 26
12. Relacións familiares na adolescencia. Videofórum I. Antes de ver *15 anos e un día* . . . . . . . . 28
13. Relacións familiares na adolescencia. Videofórum II. Despois de ver *15 anos e un día* . . . . . . . . 30
14. Resolución de conflitos . . . . . . . . 32
15. Elaborar traballos . . . . . . . . 34
16. Os videoxogos . . . . . . . . 36
17. As relacións afectivas . . . . . . . . 38
18. Autoestima e autoconcepto . . . . . . . . 40
19. A solidariedade . . . . . . . . 42
20. Promoción a 3.º de ESO . . . . . . . . 44

Sesión Preavaliación . . . . . . . . 46

Sesión Postavaliación . . . . . . . . 48

**Axenda de titoría** . . . . . . . . 51

# PRESENTACIÓN

A titoría, encamiñada ao acompañamento e seguimento dos alumnos no seu proceso de aprendizaxe, constitúe unha tarefa pedagóxica de todo o profesorado, pero, de maneira específica, é o profesor-titor quen a desenvolve co seu grupo. A acción titorial forma parte da acción educativa e a figura do profesor-titor ten especial relevancia por estar en contacto coas familias e co resto do profesorado.

Entendida a titoría como un recurso educativo ao servizo da aprendizaxe, ofrecemos aquí unha proposta didáctica que sirva como pauta ou apoio ao docente non orientador para planificar e desenvolver as súas sesións de titoría ao longo do curso. Esta proposta concrétase en vinte sesións, que se reparten nos tres trimestres do curso escolar e se organizan arredor de cinco grandes bloques temáticos: O grupo, Mellorar o estudo, Hábitos saudables, A convivencia e A toma de decisións; a elas engádense as sesións de Avaliación, xa sexan de Preavaliación (ao final de cada trimestre) ou de Postavaliación (ao comezo do segundo e do terceiro trimestres). A organización que se propón é a seguinte:

**Primeiro trimestre**

| Bloques | Sesións |
|---|---|
| **O grupo** | 1. Seguimos coñecéndonos |
| | 2. Presentación de 2.º de ESO e da titoría |
| | 3. Presentación e obxectivos do grupo |
| | 4. Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia |
| | 5. Elección de delegado e doutros cargos |
| **Mellorar o estudo** | 6. Concentración e motivación |
| **Hábitos saudables** | 7. Sono reparador |
| **A convivencia** | 8. A presión de grupo |
| **Avaliación** | Preavaliación primeira |

**Segundo trimestre**

| Bloques | Sesións |
|---|---|
| **Avaliación** | Postavaliación primeira |
| **Mellorar o estudo** | 9. O caderno da clase |
| **Hábitos saudables** | 10. Cambios físicos e psicolóxicos |
| | 11. O alcohol |
| **A convivencia** | 12. Relacións familiares na adolescencia. Videofórum I. Antes de ver *15 anos e un día* |
| | 13. Relacións familiares na adolescencia. Videofórum II. Despois de ver *15 anos e un día* |
| **A toma de decisións** | 14. Resolución de conflitos |
| **Avaliación** | Preavaliación segunda |


**TITORÍA 2.º ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

**Terceiro trimestre**

| Bloques | Sesións |
|---|---|
| **Avaliación** | Postavaliación segunda |
| **Mellorar o estudo** | 15. Elaborar traballos |
| **Hábitos saudables** | 16. Os videoxogos |
| | 17. As relacións afectivas |
| **A convivencia** | 18. Autoestima e autoconcepto |
| | 19. A solidariedade |
| **A toma de decisións** | 20. Promoción a 3.º de ESO |
| **Avaliación** | Preavaliación terceira |

Este material ten como obxectivo traballar técnicas de estudo, desenvolver habilidades e reflexionar sobre cuestións importantes acordes co desenvolvemento persoal e formativo dos alumnos de 2.º de ESO. As sesións secuenciáronse tendo en conta as características específicas deste nivel, así como a progresión na aprendizaxe e as vivencias dos alumnos, desde que se inician no novo curso e no grupo ata a reflexión sobre o seu futuro escolar e a autoavaliación final. Pero a orde que aquí se propón pode ser alterada de acordo coas necesidades e cos tempos do grupo. Ninguén mellor ca o profesor-titor coñece as circunstancias e posibilidades do seu grupo e é el quen, desde o seu coñecemento e a súa experiencia, dará todo o seu sentido a este material de apoio.

Así mesmo, o material que aquí se presenta responde a unha formulación eminentemente práctica. Cada sesión consta de dúas páxinas:

– A primeira páxina está destinada ao profesor. Inclúe propostas didácticas xunto con indicacións e suxestións sobre a documentación e os materiais que se poden utilizar, ademais dalgunhas pautas para a valoración da sesión.

– A segunda páxina é material fotocopiable, dirixido ao alumno. Consta dunha ou varias fichas de traballo, segundo como se desenvolvese o tema da sesión, e en ocasións inclúe tamén cadros informativos ou de resumo.

**Suxestións para o profesor**

- Obxectivos da sesión.
- Proposta de actividades.
- Suxestións didácticas: documentación, materiais complementarios…




**Material para o alumno**

- Fichas de traballo con dinámicas diferentes: individuais ou en grupo.
- Información relevante sobre o tema da sesión.
- Cadro-resumo das cuestións tratadas.

SESIÓN 1

# Seguimos coñecéndonos

## OBXECTIVOS

- Ofrecer un espazo que permita seguir coñecendo os membros do grupo e incorporar outros novos membros.
- Favorecer a cohesión e un clima grupal adecuado.
- Descubrir os valores comúns do grupo.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión dando a benvida ao grupo, e diríxese expresamente aos alumnos novos no centro e aos que repetisen curso. Vólvese facer fincapé na importancia da cohesión e en crear un clima grupal adecuado que favoreza a convivencia e o rendemento escolar. Incítase á creación de valores comúns que reforcen e dinamicen o grupo-clase. (Duración aproximada: 5 minutos).
- O titor presenta a actividade de dinámica de grupo que se vai levar a cabo: «O círculo de valores». Reparte aos alumnos a lista adxunta dos valores que poden formar parte da vida e individualmente deberán elixir seis valores e poñelos en orde de prioridade. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor solicita aos alumnos que formen pequenos grupos e que avalíen a elección destes valores determinando os cinco que máis puntuacións obtiveron por parte de todos os membros do subgrupo. Igualmente, pídese que reflexionen sobre a influencia dos valores persoais na convivencia do grupo-clase, a través das preguntas adxuntas. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Seguidamente, divídese a clase en dous grupos de maneira aleatoria e solicítase a cada un que forme dous círculos: un círculo mirando cara a fóra e outro cara a dentro, de tal maneira que formen parellas entre eles. O titor indica as seguintes instrucións: «Debes preguntar o nome da túa parella e pedir que che comente un dos valores que elixiu como prioritarios». Desta maneira, o círculo exterior vai avanzando de modo que constitúe novas parellas. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Finalizada a dinámica, o titor solicita aos subgrupos unha posta en común dos cinco valores elixidos como prioritarios na clase. Posteriormente, elíxense os seis valores que van formar parte da dinámica da aula durante este curso escolar. (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- A posta en común dos valores pódese transcribir nunha cartolina ou nun mural para que presida a clase.

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «O círculo de valores».
- Cartolinas, folios e bolígrafos de cores.
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

## Ficha de traballo 1 O círculo de valores

Reflexiona sobre o que é un valor, a influencia que ten na túa persoa e na convivencia cos demais. Elixe desta lista de valores os seis máis representativos para ti e ordénaos segundo a túa prioridade.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. | Aceptarse a un mesmo. | | 11. | Ser razoable. | |
| 2. | Apreciarse a un mesmo. | | 12. | Ser responsable. | |
| 3. | Aceptar os demais. | | 13. | Asumir responsabilidades. | |
| 4. | Axudar os demais. | | 14. | Ser optimista. | |
| 5. | Saber autocontrolarse. | | 15. | Ter paciencia. | |
| 6. | Adaptarse aos cambios. | | 16. | Ser intelixente. | |
| 7. | Compracer aos demais. | | 17. | Ter ilusión. | |
| 8. | Ser xusto. | | 18. | Ser alegre. | |
| 9. | Ser libre. | | 19. | Ter esperanzas. | |
| 10. | Ser maduro. | | 20. | Ter bo humor. | |

A continuación, en subgrupo debedes elixir os cinco valores máis repetidos no subgrupo e reflexionar contestando as seguintes preguntas:

1. Custouvos elixir os valores fundamentais na vosa vida e que vos farían felices?
2. Fixástesvos nalgún valor que non vos formularades e que agora vos resulta importante?
3. Cales son os valores menos importantes para vós?
4. Cales cres que son os valores clave para que un grupo-clase funcione axeitadamente?
5. Considerades que os valores elixidos por este subgrupo son os que deben rexer a convivencia na aula e polo tanto na sociedade?



SESIÓN 2

# Presentación de 2.º de ESO e da titoría

## OBXECTIVOS

- Expoñer as características de 2.º de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Explicar o plan de estudos de 2.º de ESO.
- Dotar de estratexias o alumnado para aprobar este curso.
- Definir a liña de traballo da titoría neste curso.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a actividade cunha chuvia de ideas mediante preguntas deste tipo (duración aproximada: 10 minutos):
  - Que coñeces de 2.º de ESO?
  - Que cambios notaches en 2.º de ESO?
  - Que diferenzas observas con respecto a 1.º de ESO?
  - Que esperas deste curso académico?
- A continuación, o titor explica de forma maxistral as características particulares de 2.º de ESO, as materias que o conforman e tamén o plan de actividades que se van levar a cabo na titoría. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, o titor organiza un debate sobre as expectativas que teñen os alumnos sobre o seu rendemento escolar en función dos resultados que obtiveron en 1.º de ESO. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Por último, dous alumnos da clase elixidos polo titor ao azar elaboran no encerado unha táboa en que recollen as principais inquietudes dos alumnos a 2.º de ESO, así como as estratexias que poden utilizar para superar tales inquietudes e así aprobar o curso. (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Para completar a actividade, o titor pode preguntar aos alumnos sobre a temática propia da titoría que lles gustaría afondar: técnicas de estudo, uso do tempo libre, cualificacións académicas, problemas da adolescencia, educación sexual, drogas, familia…
- É importante tamén insistirlles aos alumnos na importancia do uso das horas de atención a alumnos e familiares por parte do titor, o xefe de estudos, o director e o orientador.
- Co fin de motivar os alumnos, convirá facerlles ver a importancia que ten progresar academicamente e inculcarlles actitudes positivas cara ao traballo académico, valorando o esforzo, o interese e a responsabilidade.

## MATERIAIS

- Características do plan de estudos de 2.º de ESO e recomendacións básicas para este mesmo curso.
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

# Características de 2.º de ESO

Completa o cadro adxunto segundo o teu grupo-clase.

| **Troncais xerais**<br>Mínimo 50 % do horario | **Profesor** | **As miñas expectativas** |
|---|---|---|
| • Lingua Galega e Literatura (3 h)* | | |
| • Lingua Castelá e Literatura (3 h) | | |
| • Matemáticas (5 h) | | |
| • Xeografía e Historia (3 h) | | |
| • Física e Química (3 h) | | |
| • Primeira Lingua Estranxeira (3 h) | | |
| **Específicas**<br>(mínimo 3-máximo 6) | | |
| Sempre:<br>• Educación Física<br>• Relixión ou Valores Éticos.<br>Entre 1 e 4:<br>• Tecnoloxía / Música / Educación Plástica, Visual e Audiovisual / Segunda Lingua Estranxeira / Iniciación á Actividade Económica e Empresarial / Cultura Clásica / Relixión / Valores Éticos. | | |

*No currículo considérase materia de libre configuración autonómica, pero recibe o mesmo tratamento ca Lingua Castelá.

**RECOMENDACIÓNS PARA 2.º DE ESO**

- Debes estudar un mínimo de dúas horas diarias.
- Recoméndase estudar o luns, martes, mércores, xoves, sábado (mañá) e domingo (mañá).
- Debes estudar cada materia dúas veces á semana, polo menos.
- Para conseguir resultados positivos é necesario que as materias como Matemáticas ou Lingua Estranxeira se estuden durante uns 45 minutos.
- As materias como Lingua Galega, Lingua Castelá, Xeografía e Historia, etc., requiren unha hora de estudo, e este debe ser realizado mediante esquemas uns dous días á semana.
- Traballa na clase de maneira atenta e participativa.
- Realiza os deberes.
- Apunta na axenda os deberes e as datas de entrega dos traballos, así como a dos exames.
- Emprega estratexias de subliñado, esquema e resumo no teu estudo na casa.
- Dedica un tempo ao ocio, a practicar deporte e a divertirte cos amigos.

SESIÓN 3

# Presentación e obxectivos do grupo

## OBXECTIVOS

- Incidir na necesidade de cooperación para formar o grupo-clase como grupo de traballo.
- Facilitar a integración de todos os membros do grupo.
- Elaborar unha lista das expectativas dos alumnos respecto ao curso.
- Confeccionar os obxectivos do grupo e a forma de levalos a cabo.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión mostrando aos alumnos este vídeo: www.youtube.com/watch?v=qvF3jfSWq8A, titulado «Traballo en equipo: pingüíns, formigas, cangrexos». O vídeo inclúe tres breves e amenas curtas de animación, sen texto oral, que ilustran de modo significativo o valor que ten traballar en equipo. (Duración aproximada: 2 minutos).
- O titor solicita aos alumnos que comenten en voz alta que lles suxiren as curtas. Un alumno do grupo elixido polo titor anota no encerado as impresións dos alumnos respecto ás curtas de animación. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Finalizada esta tarefa, o titor divide a clase en pequenos grupos onde os alumnos contestan conxuntamente as cuestións da ficha de traballo «Coñecemento do propio grupo», destacan os aspectos positivos e negativos do propio grupo e propoñen obxectivos. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, lévase a cabo unha posta en común con toda a clase en que cada portavoz do subgrupo comunica as respostas. (Duración aproximada: 8 minutos).
- O titor, a continuación, establece un debate para delimitar os obxectivos do grupo e a responsabilidade que implica. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Unha vez consensuados os obxectivos os alumnos escriben os acordos nunha cartolina que se expoñerá na aula. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Por último, cada alumno, de forma individual, contesta as preguntas da ficha de traballo «Cuestionario persoal». (Duración aproximada: 5 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe destacar que talvez haxa alumnos novos no grupo: é necesario fomentar a participación de todos nesta dinámica.

MATERIAIS

- Vídeo «Traballo en equipo: pingüíns, formigas, cangrexos»: www.youtube.com/watch?v=qvF3jfSWq8A.
- Fichas de traballo «Coñecemento do propio grupo» e «Cuestionario persoal».
- Cartolina, bolígrafos e rotuladores de cores.
- Papel e lapis.




**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

## Coñecemento do propio grupo

Respondede en pequenos grupos as seguintes cuestións:

1. Credes que a vosa clase é un verdadeiro grupo?
2. Pensades que actuariades igual ca os animais que vistes no vídeo ante un problema dun dos membros da clase?
3. Como imaxinades a vosa relación como grupo ao longo do presente curso escolar?
4. Que obxectivos vos propoñedes para traballar como un grupo?
5. Que obrigas tedes que realizar como grupo?
6. Tedes claras as funcións que cada un debe desenvolver na clase?
7. Tedes boa comunicación entre vós?
8. Cal é a vosa meta como grupo?
9. Identifícaste co grupo-clase?
10. Cal é a túa función dentro do grupo?

Completade en pequenos grupos o seguinte cadro.

| ASPECTOS POSITIVOS DO NOSO GRUPO | ASPECTOS NEGATIVOS DO NOSO GRUPO |
|---|---|
| | |

## Obxectivos do grupo

Lede os seguintes obxectivos posibles do grupo e propoñede outros novos.

- Respectar as normas de convivencia da aula.
- Conseguir os mellores resultados académicos.
- Axudar os compañeiros que o necesiten.
- Resolver os conflitos de forma pacífica.
- Ser solidarios entre nós e cos outros grupos.

Ficha de traballo 2

## Cuestionario persoal

1. Repetiches algunha vez?
2. Que materias se che dan mellor? E peor?
3. Tes materias pendentes do curso pasado? Cales?
4. Consideras que dispós de técnicas de estudo adecuadas?
5. Como te relacionas cos demais?
6. Cales son as túas afeccións?
7. Que che gusta ver na televisión?
8. Gústanche os videoxogos? E as redes sociais?
9. Practicas algún deporte? Individual ou de equipo?
10. Tes moitos amigos? Tes parella?
11. Identifícaste con algún tipo de grupo?
12. Tes apoios familiares?
13. Gustaríache terminar axiña de estudar e empezar a traballar?

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

SESIÓN 4

# Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia

## OBXECTIVOS

- Recoñecer os dereitos e deberes que teñen os alumnos.
- Establecer unha boa relación cos dereitos e cos deberes dos alumnos e unha boa convivencia no centro.
- Elaborar conxuntamente as normas de convivencia que deben rexer a clase durante o curso escolar.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión cunha enquisa para determinar o que saben os alumnos dos dereitos e deberes que teñen no centro. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, os alumnos deben analizar as oracións que se presentan na ficha de traballo «Dereitos e deberes do alumno» para identificar se se trata dun dereito ou dun deber. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor propón ao conxunto da clase realizar unha posta en común das súas respostas e que determinen se algunha afirmación non estaba correctamente colocada. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Unha vez concluída esta fase, o titor pide aos alumnos que se distribúan por grupos de catro alumnos para reflexionar sobre as normas de convivencia que lembran do curso pasado. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A partir desa reflexión sobre as normas de convivencia do curso pasado, os alumnos deberán suxerir algunha nova norma para o curso actual das propostas na ficha de traballo «Normas de convivencia do grupo». (Duración aproximada: 10 minutos).
- Por último, o titor recolle no encerado as achegas dos subgrupos e realízase en conxunto un mural con normas que estará exposto durante todo o curso escolar. (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe recordar aos alumnos o Regulamento de Réxime Interior no referente aos dereitos e deberes, e as sancións que do incumprimento das normas se deriven.

## MATERIAIS

- Extracto dos Dereitos e Deberes dos alumnos do Real Decreto 732/1995 do 5 de maio.
- Fichas de traballo «Dereitos e deberes do alumno» e «Normas de convivencia do grupo».
- Cartolina, bolígrafos e rotuladores.
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

## Ficha de traballo 1 Dereitos e deberes do alumno

**Coñeces os teus dereitos e deberes no centro escolar? Clasifica as seguintes oracións en dereitos ou deberes.**

1. Recibir unha información que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
2. Asistir á clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
3. Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
4. Ter unha xornada de traballo escolar acomodada á súa idade.
5. Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
6. Que non sexan discriminados por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, así como por discapacidades físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
7. Respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
8. Seguir as orientacións do profesorado respecto á súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
9. Respecto á súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como á súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou conviccións.
10. A manifestar a súa discrepancia respecto ás decisións educativas que lles afecten.
11. A que o rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade.
12. A que o Instituto sexa discreto con toda a información de que dispoña acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno.

| DEREITOS | DEBERES |
|---|---|
| | |

## Ficha de traballo 2 Normas de convivencia do grupo

**Propoñede normas de convivencia do grupo que se centren nos seguintes aspectos.**

- Entradas e saídas da aula.
- Conduta nos tempos entre clases.
- Puntualidade.
- Interrupcións no funcionamento da clase.
- Uso dos materiais e espazos comúns.
- Respecto aos iguais e aos profesores.
- Utilización dos teléfonos móbiles.
- Comida ou bebida na aula.
- Coidado da aula.

Non respectar as normas de convivencia do grupo supón sancións que se clasifican en leves, graves ou moi graves segundo o Regulamento de Réxime Interior do teu centro.

SESIÓN 5

# Elección de delegado e doutros cargos

## OBXECTIVOS

- Repasar e valorar as funcións do delegado para levar a cabo a elección dun compañeiro que satisfaga este perfil.
- Facilitar unha elección responsable e adecuada do delegado e subdelegado de grupo.
- Fomentar entre o alumnado os valores democráticos e participativos que sosteñen a convivencia.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Nesta sesión o titor comeza expoñendo a importancia de participar na elección de delegado e motiva os alumnos para que esta elección sexa democrática e adecuada. Explícanse as funcións do delegado a través do Regulamento Orgánico do centro escolar. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor solicita aos alumnos que completen o cuestionario «Elección de delegado responsable». Unha vez respondido, insta os alumnos a formar pequenos grupos e resumir as respostas. Elíxese un portavoz de cada subgrupo e realízase unha posta en común que permita coñecer a todos as calidades que debe ter un bo delegado e subdelegado. (Duración aproximada: 15 minutos).
- O titor explica o procedemento para a elección de delegado e subdelegado, e insiste en que todos os alumnos poden ser candidatos. (Duración aproximada: 3 minutos).
- Posteriormente, lévase a cabo a presentación de candidaturas dos alumnos. (Duración aproximada: 7 minutos).
- Confórmase a mesa de votación, en que o titor actúa como presidente e dous alumnos que non sexan candidatos exercen de secretario e vogal; estes serán os de menor e maior idade. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, os alumnos introducen as papeletas nunha urna. Posteriormente, faise o reconto de votos e procédese a levantar acta da sesión co seu resultado; será delegado o candidato que obteña a maioría máis un dos votos e subdelegado o seguinte en acumulación de votos. A acta entregarase ao xefe de estudos do centro. (Duración aproximada: 15 minutos).

OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Real Decreto 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (BOE de 21 de febreiro de 1996).
- Comentaranse algunhas das funcións do delegado: representar o conxunto de alumnos da clase, asistir ás xuntas de avaliación (e tamén ás xuntas de delegados), transmitir aos compañeiros a información derivada desas xuntas, observar que se faga un bo uso das instalacións e que haxa un bo clima entre os membros da aula, acudir ao xefe de estudos en caso de problemas xerais da clase…

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «Elección de delegado responsable».
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Elección do delegado responsable

Contesta as seguintes cuestións con sinceridade. Asigna a cada cadro unha puntuación de 0 a 3: 0 equivale a que non estás de acordo, e 3, a que estás totalmente de acordo. Escribe ao final o nome de tres compañeiros da clase por orde de preferencia.

**1. O delegado de grupo debe ser prioritariamente:**

- ☐ Un bo compañeiro.
- ☐ O máis simpático da clase.
- ☐ O que saca mellores notas.
- ☐ O máis querido polos demais.
- ☐ Reivindicativo.

**2. O delegado de grupo debe ser unha persoa:**

- ☐ Seria e responsable.
- ☐ Que teña ideas e iniciativas.
- ☐ Con conciencia de grupo.
- ☐ Que sexa ben aceptado por todo o grupo.
- ☐ Que respecte a clase e se faga respectar por todos.

**3. As funcións máis importantes dun delegado deberían ser:**

- ☐ Expoñer ao equipo directivo do centro e ao titor as suxestións e queixas do seu grupo.
- ☐ Fomentar a convivencia entre todos os membros do grupo-clase.
- ☐ Colaborar co profesorado e co equipo directivo para a boa marcha do centro.
- ☐ Asistir ás sesións de avaliación como representante do seu grupo.
- ☐ Coidar do material e das instalacións do centro.
- ☐ Observar que non coincidan nun mesmo día varios exames.
- ☐ Colaborar co titor na resolución dos problemas do grupo.

**4. Un bo delegado para o meu grupo sería:**

1.º: ........................................

........................................

2.º: ........................................

........................................

3.º: ........................................

........................................



SESIÓN 6

# Concentración e motivación

## OBXECTIVOS

- Dotar os alumnos de estratexias para mellorar a súa capacidade de concentración de cara á súa actividade académica.
- Analizar cos alumnos tanto os principais factores que favorecen a concentración coma os que a dificultan.
- Identificar as diferentes motivacións dos alumnos para estudar.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Ao inicio da sesión o titor expón de forma maxistral a necesidade dunha boa concentración e motivación para obter bos resultados académicos. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor mostra aos alumnos este vídeo, www.youtube.com/watch?v=nH-9Qn0ztpc, un fragmento da película *En busca da felicidade*, e propón un breve coloquio sobre o seu contido. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Despois, cada alumno debe reflexionar de forma individual cal é o seu nivel de motivación para aprender no centro, baseándose nas cuestións que se lle propoñen na ficha de traballo «Motivación e concentración». (Duración aproximada: 10 minutos).
- Seguidamente, o titor establece un debate sobre as diferentes motivacións: sacar boas notas, aprobar o curso, non defraudar os pais, aprender por aprender… Transcribiranse no encerado as motivacións máis frecuentes. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Por último, os alumnos deben reflexionar sobre os factores que inciden na súa capacidade de concentración, primeiro a nivel individual e despois a nivel grupal; o titor establecerá un debate para analizar posibles solucións ás dificultades de concentración. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor pode basearse nas seguintes cuestións para o debate:
  - Estudas para saber máis ou para sacar boas notas?
  - Que te motiva para estudar?
  - Estudas por ti mesmo ou porque te obrigan?
  - Gustaríache deixar axiña de estudar e empezar a traballar?

MATERIAIS

- Vídeo *En busca da felicidade*: www.youtube.com/watch?v=nH-9Qn0ztpc.
- Ficha de traballo «Motivación e concentración».
- Cadro «Factores que favorecen e que dificultan a concentración no estudo».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Motivación e concentración

Responde as seguintes preguntas con **SI** ou **NON** do xeito máis sincero posible.

1. Na clase adoito estar na póla, pensando nas miñas cousas.
2. Presto moita atención en todas as clases.
3. Normalmente participo en todas as actividades que se propoñen na clase.
4. Na clase adoito estar falando cos meus compañeiros ou debuxando nos meus cadernos.
5. Se a materia me gusta, en ocasións busco información adicional.
6. Motívame estudar cousas difíciles para poder demostrar a miña capacidade.
7. Necesito que os demais estean estudando para empezar a estudar.
8. Estudo porque me obrigan meus pais.
9. Gústame estudar para ser o que máis sabe da clase.
10. Se non entendo algo, pregunto na clase ou busco a información para non quedar con dúbidas.
11. Estudo porque me gusta e non só para sacar boas notas.
12. Resúltame aburrido estudar.

## Factores que favorecen ou que dificultan a concentración no estudo

**FAVORECEN**

- Un espazo libre de ruídos e cómodo.
- A mente descansada.
- A motivación coa tarefa.
- A planificación adecuada do estudo.
- A adopción dunha postura adecuada para o estudo.
- As técnicas de mellora da atención.

**DIFICULTAN**

- O ruído.
- A falta de espazo.
- O sono.
- O nerviosismo.
- O aburrimento.
- A falta de atención.
- A incomprensión do que se estuda.
- Os problemas familiares.



SESIÓN 7

# Sono reparador

## OBXECTIVOS

- Comprender as vantaxes dun bo hábito de sono e a súa relación co rendemento académico e o aproveitamento da vida cotiá.
- Descubrir a importancia dun sono adecuado e a súa influencia nos diferentes aspectos da vida.
- Coñecer as diferentes funcións do sono.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor reparte aos alumnos o cuestionario da ficha de traballo «A miña relación co sono é…?» e pide que o completen con sinceridade, sen o efecto de desexabilidade. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor explica as vantaxes dun bo hábito de sono. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Seguidamente, o titor mostra o seguinte vídeo, www.youtube.com/watch?v=8cZf6o8HFvA, chamado «As funcións do sono» e pertencente á canle Discovery Channel. (Duración aproximada: 7 minutos).
- Finalmente, o titor insta a participar nun debate con todo o grupo-clase sobre cales son os hábitos de sono dos alumnos. (Duración aproximada: 13 minutos).
- Entre todos, deben elaborar unha lista de condutas axeitadas para manter uns bos hábitos de sono. Baseándose no vídeo, o cuestionario e a lista de condicións para durmir axeitadamente, poden elaborar un mural coas súas achegas e colocalo nun lugar visible da aula. (Duración aproximada: 15 minutos).

## MATERIAIS

- Vídeo «As funcións do sono»: www.youtube.com/watch?v=8cZf6o8HFvA.
- Ficha de traballo «A miña relación co sono é…?».
- Cadro «Condicións para durmir axeitadamente».
- Cartolina, bolígrafos e rotuladores de cores.
- Papel e lapis.




**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# A miña relación co sono é…?

Contesta con sinceridade as seguintes preguntas.

1. Cantas horas dormes ao día?
2. Dormes algunha sesta?
3. Cando soa o espertador, pódeste levantar? Necesitas o espertador para te levantar?
4. Unha vez que soa o espertador, necesitas apagalo e pospoñelo?
5. Ao longo do día, sénteste canso, desorientado ou de mal humor?
6. Érgueste pensando na sesta?
7. Estás mirrado e tes olleiras?
8. Na clase, pensas a miúdo en durmir?
9. Adoitas quedar durmido en canto te metes na cama?
10. Dormes os fins de semana máis ca a diario?
11. Encóntraste lento de reflexos cando non dormes abondo?
12. Necesitas poñer a televisión para conciliar o sono?
13. Xogas a videoxogos inmediatamente antes de durmir? Frecuentas nese momento as redes sociais?
14. Adoitas ter dificultades de concentración ou de memorización?
15. Cando rendes máis: polas mañás ou segundo vai pasando o día?

# Condicións para durmir axeitadamente

- Establece un horario para durmir, programando as horas de deitarte e de levantarte.
- Elimina os estímulos distractores do teu cuarto á hora de durmir (apaga a televisión, o móbil, o ordenador…).
- Non fagas os deberes ou estudes xusto antes de te deitar.
- Mantén o teu cuarto nunhas condicións óptimas de luz e de temperatura para descansar.
- Non practiques exercicio xusto antes de ir para a cama.
- Deixa pasar un tempo desde que ceas ata que vas durmir.
- Evita as bebidas azucradas ou con cafeína durante o último terzo da xornada.
- Practica durante un breve período de tempo (10-15 minutos) algunha lectura lixeira dun libro ou cómic que che resulte atractivo ou ameno.
- Intenta manter rutinas á hora de deitarte e levantarte ao longo da semana, incluídos sábados e domingos.

SESIÓN 8

# A presión de grupo

## OBXECTIVOS

- Coñecer a importancia de resistir a presión de grupo para o desenvolvemento persoal.
- Fomentar o sentido crítico dos alumnos fronte á presión de grupo.
- Desenvolver estratexias persoais que permitan defender os nosos dereitos respectando os dos demais.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión mostrando aos alumnos este vídeo: www.vimeo.com/17611621, titulado «Presión de grupo». (Duración aproximada: 8 minutos).
- Despois, o profesor debate cos alumnos a partir destas cuestións (duración aproximada: 10 minutos):
  - Somos iguais en grupo ca cando estamos sós?
  - A nosa pertenza a un grupo impídenos pensar por nós mesmos?
  - Por que nos deixamos influír pola presión social?
  - A continuación, o titor solicita que se formen pequenos grupos para analizar a situación da ficha de traballo «Andrés e Luís: amigos de sempre». Para iso, deben contestar as preguntas do cuestionario. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Seguidamente, o titor leva a cabo unha posta en común das análises feitas polos subgrupos e expón de forma maxistral a importancia de saber dicir que non e como rexeitar a presión de grupo. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Finalmente, o titor comenta cos alumnos a lista de suxestións para vencer a presión do grupo no ámbito escolar. (Duración aproximada: 7 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor insistirá no dereito a rexeitar peticións, a «saber dicir non», o que axudará o alumno a non implicarse en situacións que non se sabe como o van afectar, a evitar situacións en que se sintan manipulados, a tomar decisións propias e a que os demais coñezan a súa postura e os seus sentimentos.

## MATERIAIS

- Vídeo «Presión de grupo» (do Programa de Prevención de Drogodependencias do Concello de Alacant): www.vimeo.com/17611621.
- Ficha de traballo «Andrés e Luís: amigos de sempre».
- Cadro «Suxestións para vencer a presión de grupo».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Andrés e Luís: amigos de sempre

## Caso práctico

*Andrés e Luís, dous grandes amigos que saen xuntos desde a infancia, acoden a unha festa con outros amigos. Luís decide probar a marihuana para pasalo mellor, e coméntalle ao seu amigo que lle dixeron que é máis «sa» ca o tabaco, que te relaxa, ris moito e fai que te sintas ben. Andrés, non obstante, non está moi convencido e móstrase reticente.*

*Tanto Luís coma o resto do grupo de amigos chámanlle «cortarrollos» e insisten para que se deixe de parvadas, que o probe con eles e que o pase xenial. Argumentan que hai que arriscar na vida, que por probalo unha vez non pasa nada e que nalgúns países é legal.*

*Andrés quere manter a súa postura, pero comeza a sentir presión por parte do grupo e ve como o desprazan, o que fai que se deixe convencer ante este feito.*

## Cuestionario

Responde estas preguntas.

1. Que influencia está exercendo o grupo sobre Andrés?
2. Por que quere Luís que faga o mesmo ca eles?
3. Como se está levando a cabo esta presión?
4. Que podería facer Andrés para non deixarse influír negativamente?
5. Como actuarías ti nesa circunstancia? Cres que son frecuentes estas situacións?

# Suxestións para vencer a presión de grupo

- Fai as preguntas necesarias para determinar a información que necesitas para tomar unha decisión.
- Contesta un «non» con convicción e reforza a túa postura con afirmacións positivas.
- Utiliza a técnica do «disco raiado»: sé repetitivo.
- Evita situacións estresantes ou afástate da zona de presión se aínda non te sentes forte para tomar a decisión que desexes.
- Practica dicir que non en situacións seguras.
- Non prestes atención cando fagan presión os demais e respecta as opinións dos outros.
- Analiza o tipo de amizades que tes e valora se respectan como es e o que fas.
- Apóiate en amigos que compartan os teus mesmos valores e ideas.
- Non caias no medo a quedar só ou a ser rexeitado. Debes desconfiar do argumento de que «todos o fan».
- Céntrate nas túas metas persoais.
- Busca apoio cando o necesites.

SESIÓN 9

# O caderno da clase

## OBXECTIVOS

- Aprender como se organiza un caderno da clase.
- Poñer en práctica a organización dos cadernos das diferentes materias.
- Identificar a importancia dunha boa organización do caderno para unha mellora do rendemento académico.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión expoñendo brevemente a importancia dunha boa organización do caderno da clase para o aproveitamento do estudo. Tamén comenta que as indicacións achegadas son xerais, e que será o profesor de cada unha das materia quen determine outras indicacións ou formas de organización. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor fai unha pequena enquisa en voz alta en que os alumnos indican como organizan os seus cadernos, e se o fan de modo distinto nas diferentes materias. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Despois, o titor solicita aos alumnos que formen pequenos grupos e preparen unha lista de suxestións para organizar adecuadamente un caderno da clase. Ao mesmo tempo, repártelles un par de folios e pídelles que o poñan en práctica facendo un simulacro de organización de caderno. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, o titor forma unha posta en común (a través dos portavoces de cada subgrupo) das suxestións e das prácticas realizadas para crear entre todos unha forma de organización común. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para finalizar, o titor expón de forma maxistral a lista con recomendacións para organizar eficazmente o caderno da clase. (Duración aproximada: 5 minutos).
- E por último, o titor solicita aos alumnos que de forma práctica organicen cada un dos seus cadernos a partir das orientacións achegadas polo grupo-clase e as expresadas polo titor. (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É fundamental que o titor transmita aos alumnos as vantaxes de organizar de forma adecuada o caderno da clase, entre as que destaca a exercitación de capacidades intelectuais como a análise e a síntese.
- Sinalarase que as indicacións achegadas non son excluíntes e que hai algunhas materias que esixen outros requisitos e aconsellan outras formas de organización. En calquera caso, a autoridade do profesor na formulación da súa clase é indiscutible e cada un aconsella o que crea que é máis útil aos seus alumnos.

## MATERIAIS

- Cadro «Recomendacións para organizar un caderno da clase».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

# Recomendacións para organizar un caderno da clase



A continuación proporciónase unha serie de indicacións para organizar o teu caderno, que podes utilizar nas distintas materias e que che vai axudar a mellorar o rendemento no estudo. Non obstante, hai algunhas materias que requiren outras formas específicas de organización, e para isto debes atender ás indicacións que che ofreza o profesor da materia correspondente.

1. O caderno ten que permitir ampliación de follas por se necesitas engadir material que che entregue o profesor.
2. Identifica o teu caderno: pon o teu nome, apelidos, grupo a que pertences e o nome da materia á que vas dedicar ese caderno.
3. Debes comezar cada novo tema nunha nova folla do caderno para poder incluír todos os aspectos relevantes deste (material adxunto do profesor, esquemas, resumos, etc.).
4. Destaca o número de tema e apartado que comeces para organizar mellor a materia.
5. Elabora un índice de cada tema en que inclúas os aspectos que se van tratar nel.
6. Identifica cada día que tomes apuntamentos no caderno mediante a data e numeración correspondentes.
7. Escribe os apuntamentos con bolígrafo ou rotulador, e respecta as marxes da folla.
8. Se te equivocas, risca e engade o dato corrixido enriba.
9. Cando tomes apuntamentos, escribe a idea principal coas túas palabras e non coas palabras textuais do profesor.
10. Debes revisar os teus apuntamentos para valorar se entendiches o tema, se che quedan dúbidas ou necesitas algunha aclaración.
11. É importante coidar no caderno as regras ortográficas e de puntuación; se descoñeces como se escribe algunha palabra, búscaa no dicionario.
12. Elabora unha folla ao final de cada tema co vocabulario máis relevante do tema.
13. Deixa un espazo no teu caderno, ben ao final de cada tema ou ao final do caderno, para apuntar as palabras en que cometes máis recorrentemente faltas de ortografía: permitirache revisalas.
14. Enumera as páxinas de cada tema.
15. Ten en todo momento o caderno presentable, limpo e corrixido.



SESIÓN 10

# Cambios físicos e psicolóxicos

## OBXECTIVOS

- Coñecer e identificar os principais cambios físicos e psicolóxicos que se producen na adolescencia.
- Reflexionar sobre a importancia da aceptación dos cambios da adolescencia para un adecuado desenvolvemento persoal.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor entregará aos alumnos o cuestionario da ficha de traballo «Cambios físicos na adolescencia» para que o completen. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor solicita a colaboración de dous alumnos do grupo (un rapaz e unha rapaza) para que escriban no encerado as respostas dos compañeiros. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Posteriormente, o titor mostra este vídeo, www.youtube.com/watch?v=FFu11IyYhYs, titulado «Adolescencia: cambios nos rapaces e rapazas». (Duración aproximada: 3 minutos).
- O titor solicita aos alumnos que reflexionen conxuntamente sobre os principais cambios psicolóxicos que cren que se producen na adolescencia. (Duración aproximada: 7 minutos).
- Posteriormente, o titor presenta un exemplo concreto dun adolescente e a súa actitude. Insta os alumnos a reflexionar de forma individual sobre este exemplo e, a continuación, pide que completen o cuestionario da ficha de traballo «Cambios psicolóxicos na adolescencia». (Duración aproximada: 5 minutos).
- Por último, o titor establece un debate sobre a importancia da aceptación dos cambios físicos e psicolóxicos da adolescencia. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Un exemplo sobre os cambios na adolescencia que pode presentar o titor é o seguinte: «Helena é unha rapaza de 15 anos, boa estudante e divertida. Gústalle saír a fin de semana cos seus amigos; para isto gústalle arranxarse. Pero unha tarde, cando quere poñer a súa saia preferida percibe que lle queda estreita porque lle ensancharon as cadeiras, e cando se mira no espello descobre un gran na meixela. Isto prodúcelle un grande enfado, e despois chora. Ocorreuche algunha vez algo parecido?».
- É importante axudar os alumnos a que forxen unha imaxe positiva da transformación que está experimentando o seu propio corpo durante a adolescencia, para evitar inseguridades e falta de autoestima provocadas polos cambios.

## MATERIAIS

- Vídeo «Adolescencia: cambios nos rapaces e rapazas»: www.youtube.com/watch?v=FFu11IyYhYs.
- Fichas de traballo «Cambios físicos na adolescencia» e «Cambios psicolóxicos na adolescencia».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

## Ficha de traballo 1 Cambios físicos na adolescencia

Sinala se o cambio físico que se che indica a continuación se produce nos rapaces, nas rapazas ou en ambos.

| CAMBIO | RAPAZ | RAPAZA |
|---|---|---|
| Aumenta a estatura. | | |
| Ensanchan as cadeiras. | | |
| Saen espiñas (polo desenvolvemento das glándulas sebáceas). | | |
| Aumenta o volume dos peitos. | | |
| Crece peluxe no pube, nas axilas, nas pernas e noutras partes. | | |
| O olor da suor é máis forte. | | |
| Ten lugar a primeira menstruación. | | |
| Hai cambios no ton da voz. | | |
| A graxa acumúlase en cadeiras e coxas. | | |
| O sistema reprodutor desenvólvese. | | |

## Ficha de traballo 2 Cambios psicolóxicos na adolescencia

Indica se te identificas cos seguintes cambios psicolóxicos.

| CAMBIO | SI | NON |
|---|---|---|
| Pasas con facilidade da alegría á tristeza e viceversa. | | |
| Miras os membros do outro sexo de forma diferente. | | |
| Preocúpache máis a túa imaxe persoal. | | |
| Cuestionas as normas dos adultos. | | |
| Xurdíronche novos medos e algúns complexos. | | |
| En certas ocasións, quererías ser máis pequeno e, noutras, máis adulto. | | |

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L. 

SESIÓN 11

# O alcohol

## OBXECTIVOS

- Coñecer as consecuencias do consumo de alcohol na adolescencia.
- Sensibilizar os alumnos sobre os problemas do abuso do alcohol e facerlles comprender que é unha adicción.
- Identificar os mitos que rodean o consumo de alcohol.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión preguntando aos alumnos cuestións como as seguintes (duración aproximada: 5 minutos):
  - Que é o alcohol?
  - Que tipos de bebidas alcohólicas coñecedes?
  - Probastes o alcohol algunha vez?
  - Consumides alcohol actualmente?
- A continuación, o titor expón de forma maxistral o que implica o consumo de alcohol e a súa incidencia na adolescencia. Igualmente, solicita aos alumnos que se dividan en pequenos grupos para traballar os mitos e realidades sobre o alcohol. Cada subgrupo debe expoñer dous mitos e a súa realidade correspondente, e despois trasladalos ao grupo-clase mediante unha posta en común. (Duración aproximada: 20 minutos).
- Seguidamente, o titor transcribe no encerado as ideas achegadas e engade algún mito que non saíse na exposición. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Tras isto, o titor mostrará estes vídeos da Fundación de Axuda á Drogadicción «Todo sobre as drogas: alcohol» (partes I, II, III e III) (www.youtube.com/watch?v=TFYNoBCE9IM; www.youtube.com/watch?v=wWHY4XC1vTg; www.youtube.com/watch?v=T3bXVw5C8mw; www.youtube.com/watch?v=mv6xYjSZlng). (Duración aproximada: 6 minutos).
- A continuación, móstrase aos alumnos o videoclip do grupo Simple Plan (www.youtube.com/watch?v=ZQ7oqmikZDQ) para sensibilizalos sobre as consecuencias do consumo de alcohol. (Duración aproximada: 4 minutos).
- Por último, o titor invita os alumnos a reflexionar sobre as consecuencias do alcohol e o seu consumo moderado. (Duración aproximada: 5 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- É recomendable que o titor escoite e non xulgue as opinións e actuacións dos seus alumnos.

## MATERIAIS

- Vídeos da Fundación de Axuda á Drogadicción «Todo sobre as drogas: alcohol» e do grupo Simple Plan: www.youtube.com/watch?v=ZQ7oqmikZDQ.
- Cadro «Mitos e realidades sobre o alcohol».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

# Mitos e realidades sobre o alcohol

A saúde é un estado de benestar físico e mental. O alcohol é capaz de alterar o estado de ánimo das persoas. Afecta tanto a mente coma o corpo, e de maneira impredicible.

Os adolescentes son un grupo vulnerable e de risco, xa que presentan maior sensibilidade ás propiedades tóxicas, psicactivas e adictivas do etanol.

Ademais, algúns adolescentes tenden a carecer do xuízo e da capacidade necesarios para asimilar as consecuencias do consumo de bebidas alcohólicas.

| MITOS | REALIDADES |
|---|---|
| 1. O alcohol non é unha droga. | Droga é calquera substancia que ao introducirse no organismo provoque un cambio no sistema nervioso central e poida provocar adicción. |
| 2. O alcohol dáche enerxía. | É unha droga depresora do sistema nervioso central e reduce a capacidade para pensar, falar, moverse, reaccionar… |
| 3. O alcohol é un estimulante. | Pode dar esa sensación porque nos primeiros momentos produce un efecto desinhibitorio, pero este efecto dura pouco tempo para deixar paso a un efecto depresor do sistema nervioso central. |
| 4. Beber alcohol só as fins de semana non provoca dano. | O dano que provoca o alcohol depende da cantidade que se inxira ou do chamado padrón de consumo (a forma en que se bebe e por que se fai). O consumo na adolescencia, todas as fins de semana, en grandes cantidades, provoca maiores riscos de adicción e danos dos órganos (fígado, cerebro…). |
| 5. O consumo doutras drogas é un problema maior ca o consumo de alcohol. | Como na nosa cultura é unha droga legal, tendeuse a minimizar as consecuencias negativas do seu consumo. |
| 6. O alcohol dana por igual a homes e a mulleres. | Provoca máis dano nas mulleres, porque o tamaño proporcional dos seus órganos é máis pequeno e, por tanto, o alcohol pode xerar unha deterioración das súas funcións máis rapidamente. |
| 7. O alcohol dana por igual a adultos e a mozos. | Provoca máis dano nos adolescentes, xa que están en proceso de crecemento e de desenvolvemento, por tanto, son máis vulnerables aos seus efectos. |
| 8. O café quita a borracheira. | O alcohol oxídase e elimínase de acordo a unha velocidade uniforme. Non hai substancia que acelere este proceso. A cafeína é un estimulante que simplemente mantén o embriagado ben esperto. |

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L. 

# Relacións familiares na adolescencia
## VIDEOFÓRUM I. Antes de ver *15 anos e un día*




**Título:** *15 anos e un día*

**País:** España

**Ano:** 2013

**Dirección:** Gracia Querejeta

**Duración:** 96 minutos

### OBXECTIVOS

- Comprender os cambios morais e cognitivos que se dan na adolescencia.
- Coñecer distintas formas de comunicación interpersoal a nivel familiar e cos amigos.
- Identificar diferentes formas de actuación ante un conflito na adolescencia.

### CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Esta sesión céntrase na recollida de información e nas actividades previstas para antes de ver a película.
- O titor realiza as actividades previas a través da ficha de traballo en que os alumnos deben responder individualmente unhas preguntas e recoller información para realizar unha posta en común no encerado. (Duración aproximada: 25 minutos).
- Tras isto, o titor explica brevemente os aspectos sobre os que versa a película e fala da forma de resolución de conflitos que se dá no grupo-clase. (Duración aproximada: 25 minutos).

### OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- A etapa da adolescencia supón unha busca da identidade propia cunha autoafirmación persoal fronte ao adulto. Tal autoafirmación manifístase a través da hostilidade cara ao adulto, a crítica pola crítica e o gusto por facerse notar (mediante a indumentaria, as afeccións, a música, o peiteado…).
- A autoafirmación persoal canalízase tamén a través do grupo. Substituto da familia, proporciona estimulación, empatía, pertenza, participación e novos roles. Prodúcese un proceso de aceptación de novas normas grupais.

### MATERIAIS

- Película *15 anos e un día*.
- Ficha de traballo con actividades para antes de ver a película e cadro «Características da adolescencia».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

**SINOPSE**

O protagonista da película é Jon, un conflitivo adolescente de quince anos ao que acaban de expulsar do colexio por conduta disruptiva. A súa nai decide envialo co seu avó Max, que vive nunha vila da Costa da Luz, ao que non ve desde hai anos e co que non ten apenas contacto; Max é un militar retirado, severo e coas ideas claras, e pretende que o seu neto se endureza mediante disciplina. A Jon gústalle gozar da súa rebeldía, pero o seu avó pretende vivir tranquilo, e ambos deberán adaptarse a convivir xuntos e facer fronte aos seus medos e limitacións.

**Temas que aborda a película**

- Relacións familiares e estilos de crianza interxeracionais: nai-fillo, avó-fillo, nai-avoa, nai-avó.
- Medidas de actuación ante diferentes situacións conflitivas.

## Ficha de traballo 1 — Actividades para antes de ver *15 anos e un día*

1. Que cambios percibes na túa adolescencia?
2. Como cambiou a túa relación cos teus pais ou familiares?
3. Que necesitas agora das relacións familiares e dos amigos?
4. Tiveches algún problema que non saibas solucionar? En quen cres que te apoiarías?
5. Que cousas buscas na túa vida actual? Que che interesa? Explícao.

## Características da adolescencia

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Afirmación de si mesmo: introspección** | • Fantasía.<br>• Preocupacións ideolóxicas.<br>• Transgresións.<br>• Absolutismo nas ideas. | **Necesidade de novos modelos** | • Busca de certos adultos.<br>• Encontrarse a si mesmo no outro. |
| **Egocentrismo adolescente** | • Falta de diferenciación entre aspectos internos do pensamento e aspectos externos da realidade.<br>• Incapacidade para poñerse no punto de vista alleo (rixidez, intolerancia e excesiva confianza nas propias ideas). | • Dificultade para entender e admitir posicións contrarias.<br>• Obsesión pola imaxe que os demais posúen dun.<br>• Mito persoal: un é especial, único e non está suxeito ás regras xerais e comúns que rexen para os demais. | • Fábula persoal, as experiencias propias son únicas e incomprensibles.<br>• Crítica das figuras de autoridade.<br>• Tendencia a discutir.<br>• Problemas na toma de decisións. |

SESIÓN 13

# Relacións familiares na adolescencia

## VIDEOFÓRUM II. Despois de ver *15 anos e un día*

### OBXECTIVOS

- Valorar a importancia da axuda do núcleo familiar na resolución de conflitos.
- Identificar as formas adecuadas de comunicación cos familiares durante a adolescencia.

### CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- Esta sesión consta de actividades previstas para despois de ver a película. Tras a proxección da película, o titor reparte a cada alumno a ficha de traballo para realizar unha reflexión individual sobre os aspectos claves da película e elaborar, así, unha folla de conclusións. (Duración aproximada: 25 minutos).
- Posteriormente, o titor divide a clase en pequenos grupos que deben representar as seguintes escenas que viron; primeiro tal como foron proxectadas, e despois, cambiando o foco de resolución. (Duración aproximada: 25 minutos).
  - Escena 1: Expulsión de Jon e posterior conversa coa súa nai.
  - Escena 2: Cea familiar e morte do can.
  - Escena 3: Conversa de Jon e dos seus amigos tras o problema con Toni.
  - Escena 4: Conversa da inspectora Aledo e Max cando este lle confesa que o seu neto é culpable.
  - Escena 5: Conversa de Jon e Toni tras a saída do hospital.

### OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- Suxeriranse algunhas premisas sobre como debería ser unha comunicación adecuada entre o ámbito familiar e o adolescente:
  - Crear un clima de comunicación en que o adolescente poida expoñer sen trabas as súas razóns e sentimentos. Hai que saber escoitar, e intentar comprender o punto de vista do outro.
  - Comprender e aceptar por parte dos pais a personalidade do fillo, sen que isto implique que se deba aceptar ou tolerar todo, senón máis ben entender o complexo período de desenvolvemento por onde o adolescente está pasando.
  - Non minimizar a importancia dos problemas dos adolescentes. O que fai sufrir nunca é unha parvada, posto que provoca sufrimento. Hai que evitar nas conversas todo o que pareza propio dun interrogatorio intempestivo ou a curiosidade pola vida privada do adolescente.

### MATERIAIS

- Película *15 anos e un día*.
- Ficha de traballo para despois de ver a película: «Análise de secuencias de *15 anos e un día* e reflexións persoais».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

**Ficha de traballo 2** Análise de secuencias de *15 anos e un día* e reflexións persoais

| | |
|---|---|
| Expulsión de Jon | **1** Cal é a reacción da nai de Jon ante a expulsión do seu fillo?<br>**2** Que papel desenvolve o director do centro nesta escena?<br>**3** Que actitude identificas en Jon nese momento? |
| Cea familiar | **4** Cal é o tema de conversa durante a cea?<br>**5** Cal é o papel da avoa na relación entre Margo e Jon?<br>**6** Como é a linguaxe que utilizan durante a cea? |
| Morte do can | **7** Como afecta a Margo a morte do can do veciño?<br>**8** Como reacciona a avoa ao saber da noticia da morte do can?<br>**9** Por que comete este acto Jon? |
| Chegada de Jon á casa de Max | **10** Como informa Margo ao seu pai da chegada de Jon? Que relación hai entre ambos?<br>**11** Cando Jon chega á casa de Max, cal é a súa actitude? Parece que vai de vacacións?<br>**12** Como é nese primeiro momento a relación de Jon e Max? |
| Roubo na casa de Max | **13** Que fai que Jon lle confese ao seu avó que lle mentiu á policía? Por que mentiu? |
| Clases particulares con Toni | **14** De que falan Toni e Jon durante as clases?<br>**15** Fan as clases que sexan amigos?<br>**16** Cal é a relación de Toni co resto dos personaxes? |
| Situación no locutorio | **17** Para que acode Jon ao locutorio?<br>**18** Que fai Elsa neste locutorio? |
| Mercado | **19** Como cres que termina a situación entre Nelson e Jon pola cruz de Max?<br>**20** Cal é a reacción de Max ao recibir a medalla que lle trae Jon? |
| Conversa de Nelson e Jon na praia | **21** De que falan Nelson e Jon na praia?<br>**22** Cal é a relación entre ambos? |
| Pelexa na praia | **23** Cal é o papel dos amigos de Nelson na pelexa?<br>**24** Cal é o motivo da pelexa entre Nelson e Toni?<br>**25** Como remata a pelexa?<br>**26** Por que mente a profesora de piano á policía? |
| Conversa da inspectora de policía Aledo e Margo | **27** De que falan nesta escena?<br>**28** Cal é a postura da inspectora Aledo no problema de Jon? |
| Monólogo de Margo no hospital | **29** Por que cres que Margo fala co seu fillo do seu pai cando está en coma?<br>**30** Que fai que Margo tome a decisión de falar con Jon? |
| Reflexión final | **31** Volverá Margo a contar a verdade do ocorrido ao seu pai a Jon?<br>**32** Como cres que vai ser agora a relación de Jon coa súa nai?<br>**33** Cres que Jon cambiará de actitude tras o ocorrido? |

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L. 

SESIÓN 14

# Resolución de conflitos

## OBXECTIVOS

- Valorar a importancia de solucionar os conflitos para mellorar a convivencia escolar.
- Identificar os pasos para resolver un conflito.
- Coñecer diferentes estilos de resolver un conflito.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión preguntando aos alumnos cuestións como as seguintes (duración aproximada: 5 minutos):
  - Que é un conflito?
  - Por que suceden os conflitos?
  - Cales son os pasos que hai que dar para resolver un conflito?
- A continuación, o titor mostra este vídeo, https://www.youtube.com/watch?v=wdj1VxmtIeM, titulado «Rafael Santandreu: resolver os conflitos» (só ata o minuto 3.45; duración aproximada: 4 minutos).
- Seguidamente, o titor transcribe no encerado as ideas achegadas sobre como se resolveu o conflito da laranxa no vídeo e a importancia de preguntar directamente aos afectados e chegar a un consenso mutuo. (Duración aproximada: 3 minutos).
- A continuación, o titor expón de forma maxistral o que implica ter conflitos, que pasos hai que dar para solucionalos e cales son os estilos de enfrontamento cara ao conflito. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Tras isto, o titor mostra estes vídeos, www.youtube.com/watch?NR=1&feature=endscreen&v=dOCWuDSvAoM e www.youtube.com/watch?v=-kq4mz8WET8, titulados «Conflitos escolares: respostas educativas». (Duración aproximada: 6 minutos).
- Despois, o titor solicita ao grupo que forme pequenos grupos por parellas para analizar un caso dun conflito escolar sucedido no centro mediante a ficha de traballo «Folla de análise de conflitos». (Duración aproximada: 12 minutos).
- Conclúese a sesión cunha posta en común onde se establezan as posibles solucións e, polo tanto, se chegue a un acordo común. (Duración aproximada: 5 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor pode consultar o documento «Aprender a resolver conflitos de forma colaborativa e autónoma: un obxectivo educativo fundamental», dispoñible na páxina web http://valoras.uc.cl/wp-content/uploads/2010/10/resolver_conflitos.pdf.

## MATERIAIS

- Vídeos «Rafael Santandreu: resolver os conflitos»: https://www.youtube.com/watch?v=wdj1VxmtIeM e «Conflitos escolares: respostas educativas»: www.youtube.com/watch?NR=1&feature=endscreen&v=dOCWuDSvAoM e www.youtube.com/watch?v=-kq4mz8WET8.
- Ficha de traballo «Folla de análise de conflitos».
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Folla de análise de conflitos

Pensa nun conflito no ámbito escolar que se produza na túa clase ou no teu centro e resúmeo en poucas palabras: «Aquí o que está pasando é…».

A continuación, por parellas, completade a seguinte táboa.

| Aspectos | Alumno A | Alumno B |
|---|---|---|
| **Protagonistas:**<br>Quen son?<br>Inflúen terceiras persoas? | | |
| **Relación:**<br>Que tipo de relación hai entre ambos? | | |
| **Sentimentos:**<br>Como se senten os protagonistas? | | |
| **Proceso e momento do conflito:**<br>Canto tempo leva desenvolvéndose o conflito?<br>Como está o conflito: enquistado, relaxado ou latente? | | |
| **Valores:**<br>Que valores teñen os implicados? | | |
| **Intereses. Necesidades:**<br>Que lle interesa resolver?<br>Por que ou para que? | | |
| **Posicións:**<br>Cal é a súa posición ante o conflito? E as súas demandas? | | |
| **Solucións:**<br>Que se propón para resolvelo? | | |

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L. 

SESIÓN 15

# Elaborar traballos

## OBXECTIVOS

- Analizar como realizan os alumnos os traballos escritos.
- Desenvolver as destrezas de análise, síntese e crítica.
- Coñecer os pasos para a elaboración dun traballo escrito.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión expoñendo brevemente a importancia da elaboración de traballos escritos para desenvolver as capacidades de análise, síntese, redacción e expresión escrita de ideas. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor leva a cabo unha pequena enquisa en voz alta en que os alumnos indican os pasos que seguen á hora de realizar un traballo escrito e as dificultades que encontran cando o elaboran. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Seguidamente, o titor leva a cabo unha exposición maxistral dos pasos para a elaboración de traballos escritos. Pode ilustrar a súa exposición coa visualización dun documento que exemplifique con imaxes algúns pasos. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Tras isto, o titor pide que se formen pequenos grupos e repártelles tarxetas de cartón onde deben transcribir dous ou tres dos pasos expostos para a elaboración de traballos por escrito. Posteriormente, estas cartolinas expoñeranse nun mural na aula. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Finalmente, o titor solicita aos alumnos que mostren ao grupo traballos escritos que elaborasen anteriormente para analizalos e corrixir os posibles erros. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor solicitará con anterioridade aos alumnos que traian traballos escritos propios para analizalos ante o grupo.
- O titor indicará que tamén hai que seguir os pasos do traballo escrito nos realizados grupalmente, e que a composición dos grupos de traballo debe ser homoxénea.
- Convirá explicar que ao final dun traballo é importante incluír a bibliografía; é dicir, a lista ou relación das obras empregadas en elaboralo. Os datos destas obras daranse así:
  - Apelidos do autor en maiúsculas, seguidos do nome propio en minúsculas, excepto a inicial. Tras os apelidos ponse unha coma, e tras o nome, dous puntos.
  - Título da obra con letra cursiva (ou entre comiñas se é un artigo), seguido de coma ou punto.
  - Cidade de publicación, editorial e ano de publicación. Tras cada dato ponse coma, e ao final, punto.

## MATERIAIS

- Cadro «Pasos para realizar traballos escritos».
- Tarxetas ou cartolinas e rotuladores.
- Papel e lapis.

 © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

# Pasos para realizar traballos escritos

1. O primeiro que debes ter claro é o prazo de tempo de que dispós para elaborar o traballo, a súa extensión e o formato de presentación.
2. Elixe o tema; se non é un tema preestablecido, busca un non demasiado fácil nin demasiado complexo.
3. Se o traballo é de elección libre, elixe unha forma orixinal de presentación: cómic, presentación dixital de diapositivas, páxina web, etc.
4. Define o que che solicitaron do traballo e realiza preguntas que permitan contestar esa solicitude.
5. Recompila a información e o material de que dispoñas e clasifícaos. Planifica as actuacións e o tempo do traballo.
6. Anota nun caderno ou en follas soltas as ideas que che vaian xurdindo con relación ao traballo.
7. Examina o material de que dispoñas (libros, revistas, enciclopedias, artigos de xornais, etc.) e desbota o que non che sirva. Pensa as ilustracións que vas empregar.
8. Toma nota de onde sacas as ideas que vas escribindo; ten en conta que aínda non estás escribindo o traballo, só estás recollendo información.
9. Contrasta a información que obtiveches.
10. Fai unha primeira redacción do traballo. Lembra que se usas algunha cita literal debes indicar a súa procedencia. Redacta o traballo con frases claras, sen copiar frases ou parágrafos completos.
11. Coida o estilo e a forma.
12. Fai a composición do traballo e pensa que é un bosquexo que aínda require cambios e revisións.
13. Volve realizar unha nova redacción do traballo en que coides o detalle, a redacción e o estilo.
14. Procura realizar un seguimento do traballo mediante preguntas deste tipo: «Como levo o traballo? Como o vexo? É isto o que pretendía?».
15. Se elaboras o traballo nun procesador de textos informático, garda copias de seguridade, revisa persoalmente a ortografía e non te fíes do corrector automático.
16. Coida a presentación formal e entrega o traballo no prazo estipulado.
17. Lembra que o traballo debe incluír os seguintes apartados: portada, índice, introdución, apartados, conclusións, bibliografía e unha folla de cortesía.



SESIÓN 16

# Os videoxogos

## OBXECTIVOS

- Identificar as condutas de risco no uso dos videoxogos.
- Concienciar os alumnos dos prexuízos do abuso dos videoxogos.
- Transmitir condutas axeitadas cara aos videoxogos.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión cunha exposición maxistral sobre o uso dos videoxogos: vantaxes, inconvenientes, etc. (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor mostra os seguintes vídeos: www.youtube.com/watch?v=JBLOabbKass, titulado «Por que amas os videoxogos?», e www.youtube.com/watch?v=kSMjEBte76E, titulado «A adicción aos videoxogos». (Duración aproximada: 5 minutos).
- Tras isto, o titor pide aos alumnos que completen a ficha de traballo 1 («Vantaxes e inconvenientes dos videoxogos») e o cuestionario da ficha de traballo 2 («Son adicto aos videoxogos?»). (Duración aproximada: 10 minutos).
- Posteriormente, o titor establece cos alumnos un debate-reflexión sobre a noticia: «Encerraron as súas fillas durante tres anos mentres eles xogaban a un videoxogo», publicada o 3 de xuño de 2013 no xornal electrónico http://www.elmundo.es/america/2013/06/03/estados_unidos/1370267346.html. (Duración aproximada 10 minutos).
- Para concluír, o titor anota no encerado as respostas dos alumnos ás cuestións formuladas nos diferentes apartados da sesión. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe fomentar a participación de todos os alumnos para que contesten con sinceridade e reflexionen sobre a súa posible adicción aos videoxogos.
- Na exposición sobre os videoxogos comentarase algunha vantaxe (certos videoxogos melloran o razoamento dedutivo, xa que requiren estratexia) e algún inconveniente (fomentan o sedentarismo, o que pode provocar obesidade e tamén illamento social).
- Convirá insistir na importancia de dedicar parte do ocio a practicar algún deporte ou actividade ao aire libre.
- Pódese encontrar información sobre este tema no estudo *Mozos e videoxogos: Espazo, significación e conflitos*, publicado pola Fundación de Axuda contra a Drogadicción en colaboración co INJUVE, e dispoñible nesta ligazón: http://www.injuve.es/observatorio/ocio-y-tiempo-libre/jovenes-y-videojuegos-espacio-significacion-y-conflictos-fad.

## MATERIAIS

- Vídeos «Por que amas os videoxogos?»: www.youtube.com/watch?v=JBLOabbKass, e «A adicción aos videoxogos»: www.youtube.com/watch?v=kSMjEBte76E.
- Fichas de traballo «Vantaxes e inconvenientes dos videoxogos» e «Son adicto aos videoxogos?».
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

## Ficha de traballo 1 Vantaxes e inconvenientes dos videoxogos

Clasifica as seguintes afirmacións en vantaxes ou inconvenientes do uso dos videoxogos.

- Fomento do individualismo.
- Efectos na memoria a curto ou longo prazo.
- Efectos nas relacións interpersoais.
- Tempo de ocio / Fracaso escolar.
- Transmisión de valores.
- Relación coa coordinación ollo-man.
- Atención e autocontrol.
- Agresividade.
- Alteracións do sono.
- Illamento.

| VANTAXES | INCONVENIENTES |
|---|---|
| | |

## Ficha de traballo 2 Son adicto aos videoxogos?

Contesta sinceramente con **SI** ou **NON** as seguintes cuestións.

1. Minto á miña familia e amigos sobre o tempo que dedico aos videoxogos.
2. Paso o día pensando nalgún videoxogo e intento chegar canto antes á casa para poder xogar.
3. Perdo horas de sono ou de comida para poder xogar.
4. Intento marcar un tempo de xogo pero non o dou cumprido.
5. Anóxome e póñome agresivo se non me deixan xogar a un videoxogo.
6. Baixou o meu rendemento escolar porque paso moito tempo xogando.
7. Non saio cos meus amigos pola tarde para poder pasar máis tempo xogando.
8. Cando estou triste ou irritado só me animo xogando aos videoxogos.
9. Aínda que me doa o lombo ou as mans continúo xogando.
10. Os meus únicos temas de conversación cos amigos tratan sobre os videoxogos.

Se contestaches **SI** a cinco ou máis preguntas, podes ser adicto aos videoxogos. Fálao con teus pais ou cos teus profesores.

### NORMAS DO USO ADECUADO DOS VIDEOXOGOS

- Distribúe o teu tempo de ocio en actividades grupais e individuais (incluídos os videoxogos).
- Descansa tras levar unha hora de xogo. Móvete durante este descanso.
- Avalía canto tempo dedicas aos videoxogos á semana.
- Analiza se os teus videoxogos favoritos se adaptan á túa idade, e se estes xeran en ti emocións que non che agradan, por exemplo, a agresividade.
- Non te poñas a xogar aos videoxogos se estás canso.
- Valora se os videoxogos que usas son educativos, de deporte ou de estratexia.

SESIÓN
17

# As relacións afectivas

## OBXECTIVOS

- Mostrar os beneficios de expresar e recibir afecto.
- Identificar os cambios relativos ás relacións afectivas coa familia e amigos que se producen na adolescencia.
- Recoñecer a importancia das relacións interpersoais no desenvolvemento da personalidade.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión cunha exposición maxistral sobre o concepto do afecto e as relacións interpersoais. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor propón aos alumnos que formen un círculo coas cadeiras para desenvolver unha dinámica de aceptación de afectos. A dinámica consiste en que, un a un, cada alumno se coloca no centro do círculo e alí escoita os comentarios positivos que os seus compañeiros fan dese alumno. (Duración aproximada: 25 minutos).
- Posteriormente, o titor solicita aos alumnos que completen o cuestionario da ficha de traballo «Recibir expresións de afecto» para valorar os sentimentos ocasionados pola dinámica; unha vez feito isto, realízase unha posta en común dos resultados do cuestionario. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Para concluír, realízase por parte do titor un debate cos alumnos en que se recollen os resultados do cuestionario da ficha de traballo «Relación con pais e amigos». (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe fomentar a participación de todo o grupo, e insistir en que todos os comentarios cara aos seus compañeiros durante a sesión deben ser positivos.
- Para explicar o cambio nas relacións interpersoais, o titor debe resaltar que no desenvolvemento dos adolescentes é normal o cambio na súa relación coa familia: esta pasa a un segundo plano fronte aos amigos.
- Tamén é conveniente destacar o papel dos adultos con que se relaciona o alumno. Explicarase que a relación pode ser ambivalente: o adolescente pode opoñerse a eles en determinados momentos, e noutros, buscalos como modelo.

## MATERIAIS

- Fichas de traballo «Recibir expresións de afecto» e «Relación con pais e amigos».
- Papel e lapis.



Nome: Curso: Data:

## Ficha de traballo 1 Recibir expresións de afecto

Contesta sinceramente estas cuestións.

1. Que che pareceu a dinámica?
2. Participaches de forma voluntaria ou porque te obrigaron?
3. Que che xerou a dinámica?

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Indiferenza** | **Tristeza** | **Alegría** | **Ansiedade** |
| **Enfado** | **Incomodidade** | **Inseguridade** | **Outros** |

4. Serviuche a dinámica para coñecerte máis a ti mesmo?
5. Cres que é adecuada a percepción que os demais teñen de ti?
6. Identificas en ti as calidades que che dixeron os compañeiros?
7. Custouche dicir cousas positivas dos demais?
8. Sabes aceptar os afagos?
9. Como te sentirías se en lugar de dicir aspectos positivos da túa persoa dixesen cousas negativas?
10. Que cres que é máis fácil aceptar: críticas, afagos ou indistintamente?

## Ficha de traballo 2 Relación con pais e amigos

Marca cun **X** as afirmacións que mellor describan a túa relación con pais e amigos:

| A MIÑA RELACIÓN CON MEUS PAIS | SI | NON |
|---|---|---|
| Desde que son adolescente non me entenden. | | |
| Xa non podo confiar neles. | | |
| Intentan controlarme todo o tempo. | | |
| Recorro a eles cando teño problemas. | | |
| Parece que só lles interesa con quen vou e canto estudo. | | |
| Pídenme que actúe coma unha persoa maior. | | |
| Seguen tratándome coma un neno pequeno. | | |

| A MIÑA RELACIÓN COS MEUS AMIGOS | SI | NON |
|---|---|---|
| Só podo confiar neles. | | |
| Eles son os únicos que me entenden. | | |
| Eles non me xulgan. | | |
| Con eles podo falar de todos os temas. | | |
| Síntome valorado por eles. | | |
| A eles cóntolles os meus problemas. | | |

SESIÓN 18

# Autoestima e autoconcepto

## OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a importancia dunha autoestima axustada e un autoconcepto positivo.
- Potenciar nos alumnos un coñecemento e valoración adecuados deles mesmos.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión propoñendo unha chuvia de ideas sobre o que cren os alumnos que significan as nocións de autoestima e autoconcepto, e cal pode ser a súa importancia. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor fai unha exposición maxistral sobre a autoestima e o autoconcepto e relaciona estas nocións co rendemento académico e coas relacións sociais. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Despois, o titor propón aos alumnos completar de forma individual o cuestionario da ficha de traballo «Coñézome?» para coñecer que concepto deles mesmos teñen. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Despois, o titor reparte un folio a cada alumno. Nel deben indicar que farían se fose o seu último día de vida e puidesen elixir o que quixesen sen que ninguén lles recriminase nada. O alumno terá que desenvolver por escrito os motivos da súa elección. (Duración aproximada: 5 minutos).
- Para concluír, cada alumno expresa aos demais o que escribiu; ao finalizar as exposicións, en conxunto analizarán as respostas e intentarán encontrar nelas tendencias ou pautas que se repitan. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- A autoestima e o autoconcepto son nocións que empezan a cobrar especial importancia na adolescencia e que cómpre coidar e estimular para que teñan un carácter razoablemente positivo, xa que unha percepción negativa dun mesmo pode levar aos adolescentes a problemas de ansiedade, desinterese polo estudo, desordes alimentarias, etc.
- Pódese indicar aos alumnos as características das persoas con baixa e alta autoestima.

| BAIXA AUTOESTIMA | ALTA AUTOESTIMA |
|---|---|
| Inseguridade, tendencia á depresión, vulnerabilidade, dificultades de relación, dificultades para expresar sentimentos, xustificación constante, autoesixencia… | Maior grao de felicidade, confianza en si mesmo, defensa dos seus propios dereitos e sentimentos, seguridade, independencia, boas e abundantes relacións cos demais… |

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «Coñézome?».
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Coñézome?

Marca cun **X** a opción que reflicta mellor o teu grao de acordo con cada unha das seguintes afirmacións:

| | SI | NON |
|---|---|---|
| 1. Son tímido. | | |
| 2. Son unha persoa traballadora. | | |
| 3. Son responsable. | | |
| 4. Gústame axudar á xente. | | |
| 5. Son bo para o deporte. | | |
| 6. Son unha persoa feliz. | | |
| 7. Son amigo dos meus amigos. | | |
| 8. Dánseme ben as actividades artísticas (música, arte…). | | |
| 9. Meus pais séntense orgullosos de min. | | |
| 10. Na miña clase síntome apreciado polos compañeiros e profesores. | | |
| 11. Cando propoño algún tema, adoito obter resposta positiva dos meus amigos. | | |
| 12. En xeral, estou contento co meu corpo. | | |
| 13. Considérome unha persoa afortunada. | | |
| 14. Durmo ben. | | |
| 15. O que teño que facer fágoo con ganas. | | |
| 16. Son persistente no traballo. | | |
| 17. Son limpo e ordenado coas miñas cousas. | | |
| 18. Lévome ben con todos. | | |
| 19. Os que me coñecen, confían en min. | | |
| 20. Vou ser alguén importante na vida. | | |

- Se marcaches **Si** entre 15 e 20 veces, tes un **moi bo concepto** de ti mesmo.
- Se marcaches **Si** entre 10 e 15 veces, tes un **bo concepto** de ti mesmo.
- Se marcaches **Si** entre 5 e 10 veces, tes un **concepto aceptable** de ti mesmo.
- Se marcaches **Si** menos de 5 veces, tes un **baixo concepto** de ti mesmo.

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L. 

# A solidariedade

## OBXECTIVOS

- Coñecer e identificar diferentes comportamentos solidarios.
- Recoñecer os beneficios das actitudes, actuacións e traballos solidarios.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor leva a cabo unha exposición maxistral sobre o concepto de solidariedade e a súa relación coa aprendizaxe cooperativa. (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor mostra aos alumnos estes dous vídeos: https://www.youtube.com/watch?v=lt2avVMR27o, titulado «Que é Médicos Sen Fronteiras?», e https://www.youtube.com/watch?v=Qgl96whdKug, titulado «Cambiamos vidas que cambian vidas: Oxfam Intermón». (Duración aproximada: 10 minutos).
- Posteriormente, o titor establece cos alumnos un debate sobre a tarefa das ONG e sobre como estas se relacionan co concepto de solidariedade. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Tras o debate, os alumnos elaborarán unha lista de accións que implican unha actitude solidaria como, por exemplo, as seguintes (duración aproximada: 5 minutos):
  - Manifestar compaixón.
  - Ofrecer axuda ao próximo e mostrarlle respecto.
  - Preocuparse polos problemas alleos.
  - Aceptar dereitos e responsabilidades comúns.
  - Cooperar no desempeño de actividades encamiñadas ao ben común.
- Por último, o titor pide a un alumno que lea en alto á clase o poema de Mario Benedetti «Ya lo sabemos» e que, tras a lectura, os alumnos completen o cuestionario «Reflexións sobre a solidariedade» e valoren os seus resultados. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe participar no debate sobre as ONG como un alumno máis para estimular a participación.
- Pódese proporcionar aos alumnos a definición do termo «solidariedade» que figura no dicionario da Real Academia Galega: «Axuda ou apoio que, por un sentimento de obriga moral, se lle presta a quen o necesita».

## MATERIAIS

- Vídeos: «Que é Médicos Sen Fronteiras?» https://www.youtube.com/watch?v=lt2avVMR27o e «Cambiamos vidas que cambian vidas: Oxfam Intermón» https://www.youtube.com/watch?v=Qgl96whdKug.
- Ficha de traballo «Reflexións sobre a solidariedade».
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Reflexións sobre a solidariedade

Le o poema «Ya lo sabemos», de Mario Benedetti. Despois, responde.

Ya lo sabemos
es difícil
decir que no
decir no quiero
ver que el dinero forma un cerco
alrededor de tu esperanza
sentir que otros
los peores
entran a saco por tu sueño
ya lo sabemos
es difícil
decir que no
decir no quiero
no obstante
cómo desalienta
verte bajar tu esperanza
saberte lejos de ti mismo
oírte
primero despacito
decir que sí
decir sí quiero
comunicarlo luego al mundo
con un orgullo enajenado
y ver que un día
pobre diablo
ya para siempre pordiosero
poquito a poco
abres la mano
y nunca más
puedes
cerrarla.




## Cuestións referidas ao poema

1. Que che suxire o poema?
2. Como te sentiches ao lelo?
3. Cres que somos solidarios?
4. No teu día a día, sénteste solidario cos demais?

## Cuestións das actividades grupais

1. Que che pareceu o debate?
2. Cooperastes todos para elaborar a lista?
3. Resultouvos difícil cooperar?
4. Que descubriches con respecto á colaboración grupal?
5. Encontrastes dificultades para levar a cabo actividades de cooperación?
6. Podes poñer algún exemplo dunha situación cotiá no centro escolar en que poidades cooperar todos?
7. Normalmente, cres que na túa aula hai máis cooperación ou competición? Ocórrenseche formas de evitar a competición?

SESIÓN 20

# Promoción a 3.º de ESO

## OBXECTIVOS

- Explicar aos alumnos o plan de estudos de 3.º de ESO.
- Expoñer o proceso de avaliación das aprendizaxes e os retos escolares que teñen que afrontar.
- Coñecer os propios medos con relación a un novo curso e potenciar o valor do esforzo e da responsabilidade.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor explica en que van consistir as actividades, tendo en conta que o obxectivo é que os alumnos coñezan os retos escolares de 3.º de ESO. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor propón unha chuvia de ideas no encerado a partir das seguintes preguntas: Que pensades que ides encontrar en 3.º de ESO? Cales son os vosos medos e expectativas?… (Duración aproximada: 10 minutos).
- O titor presenta aos alumnos o plan de estudos de 3.º de ESO: as materias e o proceso de avaliación. (Duración aproximada: 20 minutos).
- Posteriormente, o titor divide a clase en pequenos grupos para realizar un mural ou un díptico onde se expoñan os consellos que darían a un compañeiro que vai promocionar a 3.º de ESO. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

### Lexislación

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto de Currículo de Galicia.
- Orde de Avaliación de Galicia.

### Avaliación

- Continua e diferenciada.
- Recuperación das materias: probas extraordinarias no mes de setembro.
- Promoción de curso con dúas materias non superadas como máximo e repetición de curso con avaliación negativa en tres materias.

### Pautas de estudo

- Atención e concentración na clase.
- Estudar e realizar as tarefas a diario.
- Resolver dúbidas.
- Planificación e utilización de técnicas de traballo intelectual.
- Hábitos e ocio saudables.

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «Un novo curso».
- Información sobre o plan de estudos de 3.º de ESO.
- Papel e lapis.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

## Un novo curso

Responde con sinceridade as seguintes cuestións.

**1** Que esperas de 3.º de ESO?

**2** Que materia troncal de opción vas elixir?

a) Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas.

b) Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas.

c) Aínda non o decidín.

**3** Que materias específicas vas elixir?

**4** Teño medo a encontrar…

a) Currículo máis diverso de materias.

b) Profesores máis esixentes.

c) Actividades e exames máis complexos e reflexivos.

d) Aumento de horas de estudo.



## Plan de estudos de 3.º de ESO (2016-2017)

Tras a explicación do titor sobre o plan de estudos de 3.º de ESO, pódenche xurdir dúbidas ou medos. Nesta sesión podes expresalos para que desaparezan, deixando espazo, sobre todo, á ilusión, ao esforzo e á responsabilidade ante un novo curso académico.

| | **Troncais** (5)<br>Mínimo 50 % do horario | **Troncais de opción**<br>(cursar 1) | **Específicas**<br>(mínimo 3-máximo 6) |
|---|---|---|---|
| **3.º ESO** | • Bioloxía e Xeoloxía<br>• Física e Química<br>• Lingua Galega e Literatura*<br>• Lingua Castelá e Literatura<br>• Primeira lingua estranxeira<br>• Xeografía e Historia<br><br>* No currículo considérase materia de libre configuración autonómica, pero recibe o mesmo tratamento ca Lingua Castelá. | • Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas<br>• Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas | Sempre:<br>• Educación Física<br>• Relixión ou Valores Éticos<br><br>Entre 1 e 4:<br>• Cultura Clásica<br>• Educación Plástica, Visual e Audiovisual<br>• Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial<br>• Música<br>• Relixión (se non se elixiu antes)<br>• Segunda lingua estranxeira<br>• Tecnoloxía<br>• Valores Éticos (se non se elixiu antes) |

SESIÓN

# Preavaliación

## OBXECTIVOS

- Analizar como foi  o traballo realizado durante o trimestre, tanto a nivel individual coma grupal.
- Consensuar de forma conxunta cal foi o ambiente da aula, como funcionou o grupo-clase, etc.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión explicando a necesidade dunha avaliación continua do proceso de aprendizaxe individual, e tamén do funcionamento grupal a nivel de rendemento e de convivencia. (Duración aproximada: 5 minutos).
- A continuación, o titor le en voz alta as normas de convivencia da aula e solicita que os alumnos valoren do 1 ao 10 se se cumpriron esas normas ou non, e cales foron os motivos polos que se incumpriu algunha delas. (Duración aproximada: 15 minutos).
- Tras isto, o titor pide aos alumnos que completen de forma individual e con sentido crítico a ficha de traballo «Preavaliación» (Duración aproximada: 10 minutos).
- A continuación, o titor propón ao grupo-clase que reflexione sobre o seu funcionamento grupal baseándose nas preguntas da ficha de traballo. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Por último, o titor, xunto co delegado ou subdelegado da clase, elaboran unha folla resumo coas achegas e propostas de todo o grupo para presentala na Xunta de Avaliación. Esta folla debe incluír aspectos do nivel de atención, esforzo ou motivación dos alumnos, os puntos fortes e débiles do grupo e as conclusións referidas á convivencia. (Duración aproximada: 15 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe insistir en que os compromisos que se adopten nesta sesión de valoración conxunta sexan o máis realistas posible.
- Algunhas suxestións para mellorar o rendemento dos alumnos nas diferentes materias son estas:
  - Preguntar as dúbidas na clase.
  - Participar máis activamente na clase.
  - Repasar.
  - Organizar o tempo de estudo.
- Tamén se especificará que o Departamento de Orientación do centro pode asesorar os alumnos sobre calquera cuestión escolar.

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «Preavaliación».
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Preavaliación

## Individualmente

**1** Como valoras o traballado neste trimestre? Cres que é mellor ou peor ca o trimestre pasado?

**2** Cales son as materias en que esperas mellorar resultados?

**3** En cales esperas peores resultados?

**4** Elixe da seguinte lista os motivos que expliquen os resultados que vas obter nas diferentes materias:

1. Estudo todos os días.
2. Fago os deberes tanto na clase coma na casa.
3. Planifico para estudar os exames.
4. Pregunto as dúbidas que teño.
5. Estou atento na clase.
6. Non levo ao día as materias.
7. Non entendo o que explican.
8. Distráiome e cústame concentrarme.
9. Na clase, os compañeiros moléstanme e non podo seguir as explicacións.

**5** Como enfocas o seguinte trimestre?

**6** Estás satisfeito co teu esforzo e os teus posibles resultados?

## En grupo

**1** Que materias vos resultaron máis e menos interesantes?

**2** Como vos relacionastes neste trimestre?

**3** Houbo problemas de convivencia entre vós?

**4** Como poderiades solucionar eses problemas?

**5** Propoñede suxestións para que o titor as presente na Xunta de Avaliación.

**6** Valorade nunha escala do 1 ao 5 (en que 1 é «nada motivado») o voso grao de motivación neste trimestre.

 Material fotocopiable © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

SESIÓN

# Postavaliación

## OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre os resultados académicos obtidos e a súa relación co traballo realizado durante o trimestre.
- Analizar os resultados do grupo-clase nesta avaliación.
- Elaborar propostas para obter mellores resultados académicos.

## CONTIDO / DESENVOLVEMENTO

- O titor comeza a sesión analizando xunto cos alumnos cada unha das materias a través das achegas realizadas pola Xunta de Avaliación sobre a marcha escolar do grupo-clase. (Duración aproximada: 20 minutos).
- A continuación, o titor pide aos alumnos que completen individualmente a ficha de traballo «Postavaliación» e que valoren se o seu resultado se corresponde coa media da clase nesa materia (ou sexa, se é mellor ou peor o seu resultado propio ca o da media). (Duración aproximada: 10 minutos).
- O titor invita os alumnos a que reflexionen conxuntamente sobre os principais motivos que propiciaron os resultados obtidos nas diferentes materias. (Duración aproximada: 10 minutos).
- Por último, os alumnos deben reflexionar sobre as propostas de mellora que quere aplicar cada un este trimestre; elaborarase unha lista con todas as propostas, que se exporñerá na aula. (Duración aproximada: 10 minutos).

## OBSERVACIÓNS / SUXESTIÓNS

- O titor debe recordar aos alumnos os criterios de promoción de curso e reforzar a motivación dos que suspendesen para que non se desanimen e intenten remontar o curso escolar.
- Lembrarase aos alumnos a importancia duns bos hábitos de estudo, e que contan co apoio do titor e dos profesores para superar o curso.
- Os alumnos deben anotar nun sitio visible do seu lugar de estudo as propostas de mellora que se propuxeron, e valorar cada semana se van cumprindo ou non co establecido.

## MATERIAIS

- Ficha de traballo «Postavaliación».
- Papel e lapis.


**TITORÍA 2.° ESO** © Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Nome: Curso: Data:

Ficha de traballo 1

# Postavaliación

Sinala cal é o rendemento académico que obtiveches nas diferentes materias:

| MATERIA | INSUFICIENTE | SUFICIENTE | BEN | NOTABLE | SOBRESAÍNTE | SUPERIOR Á MEDIA | INFERIOR Á MEDIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Lingua Galega e Literatura | | | | | | | |
| Lingua Castelá e Literatura | | | | | | | |
| Matemáticas | | | | | | | |
| Xeografía e Historia | | | | | | | |
| Física e Química | | | | | | | |
| Lingua Estranxeira | | | | | | | |
| Educación Física | | | | | | | |
| Relixión ou Valores Éticos | | | | | | | |
| Materias específicas | | | | | | | |
| Outras | | | | | | | |

1. Sorprendéronte as túas cualificacións?
2. En que materias obtiveches os resultados que esperabas en función do teu esforzo? E en cales non?
3. Que te propós para este trimestre?
4. Que aspectos cres que podes mellorar? Por exemplo: estudar a diario, facer os deberes, facer os traballos con antelación, eliminar do lugar de estudo os elementos distractores, potenciar as técnicas de estudo…

## Axenda de titoría

*Horarios e planificación*
*Grupo de titoría*
*Rexistro de reunións e entrevistas*
*Actas de avaliación*

# ÍNDICE

## HORARIOS E PLANIFICACIÓN

Calendarios . . . . 54
Horario do profesor . . . . 55
Información para o alumno . . . . 56
Planificador de actividades . . . . 57
Rexistro das actividades de titoría . . . . 61

## GRUPO DE TITORÍA

Grupo de titoría . . . . 66
Fotografías do grupo . . . . 67
Modelo de ficha de titoría . . . . 68
Control de asistencia ás sesións de titoría . . . . 72

## REXISTRO DE REUNIÓNS E ENTREVISTAS

Reunións co Departamento de Orientación . . . . 78
Rexistro de información dos profesores. Modelo de ficha . . . . 83
Rexistro de entrevista individual. Modelo de ficha . . . . 84
Rexistro de entrevistas trimestrais. Modelo de ficha . . . . 85
Orientacións para a primeira entrevista coa familia . . . . 86

## ACTAS DE AVALIACIÓN

Acta da avaliación inicial . . . . 88
Acta da primeira avaliación . . . . 90
Acta da segunda avaliación . . . . 92
Acta da terceira avaliación . . . . 94
Acta da avaliación extraordinaria . . . . 96

Contactos . . . . 98

Notas . . . . 100

# CALENDARIOS

## 2016

**XANEIRO**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | **1** | 2 | **3** |
| 4 | 5 | **6** | 7 | 8 | 9 | **10** |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | **17** |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | **24** |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | **31** |

**FEBREIRO**

| L | M | M | X | V | S | D |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | **7** |
